



# I CONCURSO DE MICRORRELATOS

“The John Rutherford Centre for Galician Studies-University of Oxford”

O **I Concurso de microrrelatos “The John Rutherford Centre for Galician Studies-University of Oxford”** convócase co obxectivo de promover a escrita creativa entre os estudantes de galego como lingua estranxeira.

Poderá participar o **estudiantado de galego** de calquera das **31 universidades de Asia, América e Europa** que contan cun Centro de Estudos Galegos. O microrrelato debe presentarse en **lingua galega**, cunha extensión máxima de 270 palabras (título incluído). Cómpre que sexa inédito e orixinal, de xeito que a persoa concursante fica comprometida a asumir calquera responsabilidade que se poida derivar deste punto.

O **prazo** para a presentación de traballos abrirase o día o 1 de xaneiro de 2014 e rematará o 1 de maio do mesmo ano. Os participantes deben enviar o microrrelato por correo electrónico, indicando datos persoais e o Centro de Estudos Galegos no que están matriculados, ao enderezo: [diego.pardoamado@queens.ox.ac.uk](mailto:diego.pardoamado@queens.ox.ac.uk)

Un **xurado** designado polos organizadores decidirá os dous textos gañadores, que serán dados a coñecer o día 17 de maio de 2014 na edición dixital de La Voz de Galicia, con motivo do **Día das Letras**. Se fose necesario, o xurado poderá declarar deserta algunha das categorías.

## Premios

O **1º premio** consistirá nun lector de libros electrónicos (e-book reader), un Diploma acreditativo expedido polo Centre for Galician Studies-University of Oxford e a publicación e difusión do microrrelato na versión dixital de La Voz de Galicia. Tamén será espallado polas redes sociais de todos os Centros de Estudos Galegos participantes.

O **2º premio** consistirá nun lote de libros relacionados con Galicia patrocinados pola Fundación Barrié, un Diploma acreditativo expedido polo Centre for Galician Studies-University of Oxford e a publicación e difusión do microrrelato na versión dixital de La Voz de Galicia. Igualmente, será espallado polas redes sociais de todos os Centros de Estudos Galegos participantes.

La Voz de Galicia

Fundación Barrié